



RECORDATORIO PARA TODOS OS CENTROS E DEPARTAMENTOS
CONVOCATORIA BOLSAS DE COLABORACIÓN DE ESTUDANTES EN
DEPARTAMENTOS
CURSO 2020-2021

Convocatoria: BOE núm. 181 do mércores 1 de xullo do 2020

Núm. de bolsas para a Universidade da Coruña : 29

Dotación económica de cada bolsa: 2000€

Prazo de presentación: Ate o 30 de setembro de 2020.

Como se presentan? Vía telemática a través da sede electrónica na dirección.
<https://sede.educación.gob.es> no apartado correspondente a “Trámites e Servizos”

Requisitos:

Xerais:

1. Non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Grao, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, Graduado ou Mestrado Oficial
2. Estar matriculado no curso 2020/2021 en ensinanza oficial na totalidade das materias ou créditos que lle resten para finalizar os seus estudos de Grao e ter superados o 75% da carga lectiva da súa titulación.
3. Ter como nota media dos créditos superados a seguinte segundo a rama:
 - 7,25 puntos para a rama da Enxeñaría, Arquitectura ou ensinanzas técnicas
 - 7,70 puntos para a rama de Ciencias ou Ciencias Experimentais e para Ciencias Sociais e Xurídicas
 - 7,80 puntos para a rama de Ciencias da Saúde
 - 8,00 puntos para a rama de Artes y Humanidades

Tamén poderán obter bolsa de colaboración o estudantado de primeiro curso de mestrados oficiais que a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes acrediten que constan no seu expediente académico os seguintes requisitos:

- 1.- Non estar en posesión o en disposición legal de obter un título académico de mestrado oficial ou doutor.
- 2.- Estar matriculado no curso 2020-2021 en ensinanza oficial na totalidade das materias ou créditos do primeiro curso de mestrado
- 3.- Ter no expediente académico correspondente os estudos universitarios previos que lle dean acceso ao mestrado , a nota media establecida anteriormente en función da rama de coñecemento de procedencia.

Código Seguro De Verificación	WBn/4NU1RRYv19sD0wS6VQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Teresa González Martínez - Xefe de Sección de Bolsas Servizo de Estudantes	Asinado	14/09/2020 10:29:10
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/WBn/4NU1RRYv19sD0wS6VQ==		





Presentar un proxecto de colaboración a desenvolver dentro de algunha das liñas de investigación en curso dos departamentos universitarios. O citado proxecto deberá definir as tarefas a realizar, describindo de forma expresa o impacto formativo complementario que o desenvolvemento do mesmo terá nalgunha das competencias asociadas ás materias de formación básica ou obrigatorias da titulación que o solicitante estea cursando e deberá vir avalado polo grupo de investigación recepto ou o departamento no que se vaia a desenvolver.

O proxecto ten que presentarse debidamente avalado e puntuado polo consello de departamento no que esta vaia a desenvolverse .

Os requisitos anteriormente mencionados que non figuren no expediente do solicitante na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes non serán tidos en conta para os efectos de valoración para a concesión da bolsa, polo que corresponde ós solicitantes requirir, no seu caso, ás súas respectivas universidades a actualización dos seus expedientes académicos.

A Coruña 14 de setembro de 2020

Código Seguro De Verificación	WBn/4NU1RRYv19sD0wS6VQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Teresa González Martínez - Xefe de Sección de Bolsas Servizo de Estudantes	Asinado	14/09/2020 10:29:10
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/WBn/4NU1RRYv19sD0wS6VQ==		

